

Bases legais da Promoción

“Cashback Suscripciones”

CONDICIÓN DA PROMOCIÓN

A Lentidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás nº. 4, e provista do CIF nº. A48265169 (de agora en diante, “BBVA”) organiza a presente promoción denominada “Cashback Suscripciones” (de agora en diante, a “Promoción”), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as “Bases legais”).

1. En que consiste a Promoción?

Esta promoción ten por obxecto incentivar a alta de clientes por Internet, así como o pagamento da subscripción dalgún dos servizos de entretemento dixital ofrecidos nesta promoción e recollidos nestas bases legais (de agora en diante, a “Subscripción”) coa tarxeta Aqua Débito (de agora en diante, a “Tarxeta”) daqueles clientes que se desen de alta no BBVA a través de www.bbva.es, m.bbva.es ou das aplicacións móbiles do BBVA (para sistemas operativos; Android e iOS).

Pola Subscripción anteriormente citada e pagada coa Tarxeta, obterás durante 6 meses naturais sucesivos, contados de data a data desde que completes a alta como cliente (de agora en diante, “Período de Bonificación”, unha bonificación máxima mensual de 9,99 € netos na túa conta, sendo a bonificación máxima acumulable de 59,94€.

O Período de Bonificación non está asociado ao inicio da Subscripción, senón que é fixo por 6 meses sucesivos contados desde que completes o proceso de alta como cliente.

Os servizos de entretemento dixital cuxa Subscripción dan dereito á bonificación teñen que ser prestados por:

- Netflix
- Disney+
- HBO Max
- Spotify
- PlayStation®Plus
- DAZN

Esta promoción é exclusiva do BBVA e, polo tanto, os servizos de entretemento dixital indicados así como as empresas que os representan non colaboran no desenvolvemento desta.

2. A quen está dirixida a Promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas maiores de 18 anos na data de inicio da Promoción, residentes en territorio español e que se desen de alta no BBVA, polas vías explicadas na cláusula 1.

Esta promoción non será compatible coas seguintes promocións:

- Plan Ready
- Cashback 2,5%

3. Quen está excluído de participar na Promoción?

Quedarás excluído da participación na presente Promoción se, durante o Período de vixencia e ata a entrega da bonificación, es debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Nese suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción da bonificación. Se chegada a data para o ingreso da bonificación non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibila e non che será ingresada.

Quedarás excluído da participación na presente promoción en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo e prexubilado tanto do BBVA como do seu grupo de empresas.

Esta promoción é exclusiva do BBVA e non é acumulable a outras ofertas ou descontos en curso tanto do BBVA como dos servizos de subscripción detallados no apartado 1.

Así mesmo, se a túa alta está motivada polo uso dun código personalizado de promoción que outro cliente do BBVA compartiu contigo para que ambos poidades ser beneficiarios da promoción (promocións “Plan Invita un Amigo”), tampouco poderás participar nela se o devandito código superou os 10 usos.

4. Canto dura a Promoción?

O prazo durante o cal podes participar na Promoción dará comezo o día 6 de marzo de 2022 ás 00:00 horas (hora peninsular española) e finalizará o día 30 de xuño de 2022 ás 23:59 horas (hora peninsular española), ambos incluídos (de agora en diante, o "Período de vixencia").

5. Que pasos debes seguir para poder participar na Promoción?

Para poder participar na Promoción debes seguir os seguintes pasos

- Non ser cliente do BBVA;
- Que non causases baixa como cliente BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción;
- Aceptar as Bases Legais da Promoción durante o "Período de Vixencia" e;
- Darte de alta por Internet en bbva.es, m.bbva.es ou app contratando o produto Conta Online BBVA (de agora en diante, a "Conta Online BBVA") máis a tarxeta Aqua Débito (de agora en diante, a "Tarxeta"), e
- Activar a Tarxeta.
- Realizar o pagamento da Subscrición coa Tarxeta, de forma directa, indicando os datos da túa tarxeta no servizo de subscrición contratado ou, de maneira indirecta, a través dos servizos de PayPal. Calquera outro pagamento indirecto realizado a través dunha plataforma de terceiros, como "Pulpo.es", quedarán excluídos da promoción.

Disporás dun prazo máximo de trinta (30) días naturais, desde a sinatura do contrato da Conta Online BBVA, para enviare a información e a documentación solicitadas polo BBVA para a contratación e alta da Conta Online BBVA e, en consecuencia, a súa entrada en vigor. Se transcorrido ese prazo a Conta Online BBVA non estivese operativa, porque non puido ser dada de alta por falta da información e da documentación solicitadas, a Promoción quedará cancelada.

6. Que bonificación recibirás e cando?

Se realizas unha Subscrición por importe igual ou superior a 9,99 € coa Tarxeta, seguindo os pasos indicados no apartado 5, recibirás unha bonificación de 9,99 € netos na túa conta BBVA que contrataches coa Tarxeta durante o teu proceso de alta. Se o importe da Subscrición é menor a 9,99 €, a bonificación será igual ao importe da Subscrición. Se, pola contra, o importe da Subscrición é superior a 9,99 €, a bonificación será igual a 9,99€.

En caso de realizares unha subscrición en varios dos servizos detallados no apartado 1, só se che vai bonificar a subscrición dun deles, non terá que ser obrigatoriamente cada mes o mesmo servizo e corresponderá con aquel servizo cuxo cargo mensual na túa tarxeta se realice en primeiro lugar, calquera que este sexa entre os admitidos. Esta comprobación realizarase con carácter mensual e corresponderá con cada un dos Períodos de Bonificación establecidos no apartado 1. Polo tanto, se algún cargo obedece a un período de subscrición distinto do mensual (subscrición bimensual, trimestral, anual, etc.), só se che bonificará o pagamento que estea dentro do Período de Bonificación establecido no apartado 1 e nos termos recollidos no parágrafo anterior.

O ingreso da bonificación estará supeditado ao cumprimento das condicións previstas nestas Bases legais.

O BBVA procederá a realizarche o ingreso da bonificación tras verificar as condicións establecidas nas bases legais e para cada Período de Bonificación unha vez pasados un mínimo de sete (7) días e ata un máximo de seis (6) meses desde a realización do pagamento nalgún dos servizos de subscrición descritos no apartado 1.

A bonificación non será susceptible de cambio, alteración ou compensación. Se rexeitas a bonificación non se che ofrecerá ningunha alternativa.

No suposto de non existiren participantes, o BBVA poderá declarar deserta a Promoción.

7. Como se notifica o premio?

A comunicación da bonificación realizarase como moi tarde aos seis (6) meses contados desde a realización do pagamento nalgún dos servizos de subscrición descritos no apartado 1.

Realizarase mediante o propio ingreso da bonificación na Conta Online BBVA titularidade do bonificado, co concepto "Bonificación Promoción comercial" e nas observacións: "Bonificación Cashback Suscrición".

8. Que supón a aceptación das Bases legais?

A aceptación das presentes Bases legais supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a interpretación destas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se for o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de desqualificarte, segundo o seu criterio exclusivo, se manipulas, intentas manipular a Promoción ou violas

calquera dos termos e condicións das presentes Bases legais.

O BBVA poderá adoptar todas as decisións necesarias para a resolución daquelas controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non te prexudiquen indebidamente e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación anteriormente aplicables, ou de non cumprires con todos os requisitos establecidos nestas Bases legais, non terás dereito a recibir a bonificación nos termos establecidos nestas.

9. Que acontece en caso de incumprires as condicións da Promoción?

No suposto de incumprires calquera das condicións establecidas nestas Bases legais, incluídas aquelas obrigas que permanezan viventes tras a entrega da bonificación nos termos previstos nestas, cancelaráseche a Promoción e, no caso de que recibises a bonificación, terás a obriga de devolvela.

O BBVA realizará un cargo polo importe da Bonificación entregada na Conta en que se realizou o ingreso da bonificación.

Se incumpres as Bases legais da Promoción, esta quedará automaticamente cancelada, aínda que con posterioridade cumpras as condicións.

10. Que acontece en caso de cometeres ou de existir fraude?

No caso de que o BBVA ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción detecten calquera anomalía ou sospeiten que estás impedindo o seu normal desenvolvemento, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención na Promoción. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a bonificación de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar o teu rexistro se evidencia ou sospeita unha actuación irregular no sentido descrito.

11. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos doce (12) meses desde a data de finalización do Período de vixencia.

12. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?

O "Titular" é informado de que os datos persoais que se faciliten con motivo da participación na presente Promoción, incluídos aqueles que se faciliten en caso de resultar gañador, serán obxecto de tratamento por parte do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., con domicilio na Plaza de San Nicolás 4, 48005, Bilbao, coa finalidade de poder levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción, así como xestionar a entrega do Premio nos termos previstos nas presentes Bases.

Os seus datos persoais son tratados segundo o disposto na normativa aplicable en materia de protección de datos persoais e servizos da sociedade da información, polo tanto, gárdanse as medidas técnicas, organizativas e de seguridade necesarias para garantir a confidencialidade destes e para evitar a súa alteración, perda e tratamento ou accesos non autorizados.

O BBVA informa o "Titular" do seguinte:

- Os datos persoais serán conservados durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizada, quedarán bloqueados durante os prazos de prescrición legal, con carácter xeral dez anos. Transcorridos os prazos de prescrición legal, os datos serán destruídos.
- A base legal que nos permite tratar os datos persoais é o consentimento que nos presta ao participar nesta Promoción mediante a aceptación das presentes Bases.
- Non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que esteamos obrigados por unha lei ou recibísemos o consentimento.
- O "Titular" poderá exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante comunicación dirixida a derechosprotecciondatos@bbva.com. O exercicio destes dereitos non terá carácter retroactivo. A cancelación dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción.
- En caso de que o "Titular" considere que os seus datos persoais non foron tratados de acordo coa normativa, pode contactar co delegado de protección de datos do Grupo BBVA no enderezo dpogrupobbva@bbva.com. Non obstante, poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

13. Que fiscalidade ten a bonificación?

O importe da bonificación podería ter implicacións fiscais polo que o debes ter en conta para a declaración da renda. En caso de dúbida, consulten co seu asesor fiscal.

14. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á túa participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante, se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta da Promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nas presentes Bases legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, comprometéndose a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

No caso de que calquera cláusula destas Bases legais sexa declarada nula ou inválida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por ela.

O BBVA non se responsabiliza dos posibles cambios nas condicións e/ou prezos nos servizos de entretemento dixital propostos nesta promoción e recollidos no apartado 1 destas bases legais que dan dereito á bonificación.

15. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais do cliente.